



Clube Atletismo Santiago

Ano de fundación: 2013

Número de fichas 2015/2016: 105

Nome do Presidente: Alfonso López Menduiña

Co. electrónico atletismosantiago@gmail.com

Facédenos unha valoración da tempada que ben de rematar



Alfonso Menduiña
Presidente C.A. Santiago

“A tempada para nós foi plenamente satisfactoria.

Acadamos os obxectivos plantexados ao inicio da mesma. No eido non competitivo fidelizamos moitos rapaces con idades

que abranguen dos 16 aos 22 anos (tradicional e estadísticamente as de maior abandono), organizamos xornadas de inclusión con persoas discapacitadas, fomentamos o sentimento de pertenza a una familia deportiva e colaboramos en diversos eventos coma voluntarios.

A nivel competición individual, nas nosas categorías (xuveniles ata veteranos), acadamos 68 medaías nos Campionatos Galegos e máis de 35 participacións nos Campionatos de España individuais, entre outros.

A nivel de Clubes, en tres anos conseguimos que a nosa prioridade (o equipo xuvenil e junior) acadara o segundo posto na clasificación conxunta no Galego de Clubes Junior e afianzar ao absoluto entre os cinco mellores Clubes de Galicia (por estadio e na competición).

Salientar ademais as 6 medaías acadadas por Clubes en Ctos. de Galicia (cross, combinadas e pista)”





En canto a obxectivos, faládenos dos mesmos para este ano

“Os obxectivos non varían moito: medrar con mesura, fomentar o atletismo en idades difíciles, colaborar onde nos precisen, fomentar a práctica deportiva para o colectivo con discapacidade,...

No eido competitivo, consolidar o equipo junior e tentar o ascenso a Primeira división nacional cun equipo composto de xóvenes empurrados polo oficio e a experiencia dos veteranos”



“O noso clube naceu, oficialmente, o 20 de Outubro de 2013, cunha política moi marcada en canto a filosofía e os pasos a seguir. Naceu dunha confluencia: por unha banda a necesidade de darlle continuidade ao proxecto deportivo do Millaraio no que traballaba dende facía uns anos Joao Pablo e por outra banda, da inquietude que tiven eu sendo atleta da USC ao comprobar que, principalmente, por cuestións de índole económica, o otrora grande clube Deportivo Universitario de Santiago non podía cubrir as necesidades dos atletas do noso entorno.

*Hoxe, grazas á boa acollida de moitos atletas, á inestimable axuda dos nosos patrocinadores principais (**CAFÉ BAR DERBY, MESTRELAB RESEARCH, e AMANCIO INTERSPORT**), ó noso organigrama técnico-deportivo, de man de S&R Orientación Deportiva, a una Xunta Directiva que traballa sen descanso por amor ó arte (do atletismo), o noso clube é una realidade...con vocación de permanencia”*